

## ACTA N° 13/2012

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucíons da Alcaldía.
- 3º.- Declaración de localidade solidaria co alzheimer.
- 4º.- Dación de contas de informes da Intervención municipal sobre estabilidade orzamentaria 2011 e cumprimento do Plan de Saneamento.
- 5º.- Aprobación, se procede, de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.
- 6º.- Modificación crédito 17/2012: crédito extraordinario e suplemento de crédito 2/2012, e aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ao amparo do RD-Lei 4/2012.
- 7º.- Modificación crédito 19/2012: transferencia de crédito entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto.
- 8º.- Aprobación inicial Ordenanza prezo público atención á infancia- Programa Aquelar.
- 9º.- Resolución recurso de reposición presentado por Dna. Mª Jesús Piñeiro Martínez contra acordo de aprobación definitiva do expediente de prescrición de débedas do Concello.
- 10º.- Moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre modificación das restricións do Plan Prepara previsto no Real Decreto Lei 23/2012.
- 11º.- Moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre proposta de adhesión do Concello de Moaña ao manifesto “Decidir fainos libres”.
- 12º.- Moción do Grupo Municipal do BNG de apoio á flota galega en Mauritania.
- 13º.- Moción do Grupo Municipal BNG sobre ampliación do camiño de subida ao Caeiro.
- 14º.- Comparecencia Delegada de Urbanismo.
- 15º.-Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 27 de setembro do 2012, sendo as 20:03 horas, reúnense as persoas sinaladas baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Fervenza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

O Sr. Alcalde sinala desculpa a inasistencia da Concelleira do PP, Dna. Rosa Solla Veiga, debido a un accidente de tráfico. Engade que non é nada grave.

O Sr. Millán solicita unha cuestión de orde. Demanda que o Alcalde ou o Secretario expliquen a causa de que a comparecencia en Pleno da Concelleira de Urbanismo apareza en último lugar na orde do día do Pleno, diante das mocións, cando a normativa establece que os Plenos rematarán ca parte adicada a rogos, preguntas e mocións.

O Sr. Secretario sinala que a sesión plenaria se divide en dúas partes. Unha primeira resolutoria, e unha segunda dedicada á función de control e fiscalización dos órganos de goberno entre as que se incluíría tanto a comparecencia, as mocións e os rogos e preguntas.

O Sr. Millán pregunta quen confeccionou a orde do día.

O Sr. Secretario sinala que a orde dos asuntos fixoa el. De entenderse que hai algún erro na orde dos asuntos é miña. Habería que valorar se a comparecencia tería que ir antes ou despois das mocións. Unicamente figura en último lugar porque non se incluíu na convocatoria da Xunta de Voceiros, e detectado o erro, engadiuse ao resto de puntos que xa figuraba nesta convocatoria.

O Sr. Millán pide que conste en acta o debate.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 09/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 09/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 10/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 9 de agosto de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 10/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 9 de agosto de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

A continuación o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 11/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 21 de agosto de 2012.

Non hai intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 11/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 21 de agosto de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

### **2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

Non se suscitan intervencións.

### **3º.- DECLARACIÓN DE LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER.**

O Sr. Alcalde afirma que se remitiu pola Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer unha declaración solicitando a aprobación en Pleno. A continuación o Sr. Alcalde lee a declaración:

## “DECLARACIÓN DE LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER

Conscientes de que o Alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 persoas entre enfermos e familiares, e que debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo un problema especialmente grave en Galicia polo especiañ avellentamento da poboación.

Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inasistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención, de que a abordaxe desta enfermidade, que ten un custo anual medio de máis de 30.000 €, recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades de persoas enfermas e das súas familias é escasa.

Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, máis recentemente da Organización Mundial da Saúde e da declaración do 2012 Ano Galego do Alzheimer, en Galicia non existe un plan especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

Sabedores/as de que a poboación de **Moaña** está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

O Concello de Moaña quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose “**Localidade Solidaria co Alzheimer**”.

Deste modo, o **Concello de Moaña** quere, con este xesto institucional, servir de exemplo a outros municipios e apoiar a sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Declarándose “**Localidade Solidaria co Alzheimer**” a localidade **Moaña** apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, manifesta o seu total acordo ca declaración e engade que convén incidir no último punto. Familiares e enfermos de alzheimer e outras doenzas solo foron tomados en consideración nos dez últimos anos. Asumido polos poderes públicos que non solo estabamos ante un problema que ataña aos afectados, tratouse de mellorar a súa calidade de vida e o que case é máis importante, a calidade de vida dos familiares que conviven con eles. Estes esforzos foron totalmente interrompidos nos últimos anos por unha cada vez máis cicateira atención institucional e económica polas Administracións Públicas. A situación das asociacións que colaboran na atención é de penuria económica. Os iniciais esforzos realizados nesta materia foron dilapidados. Os afectados están a pasar auténticas dificultades cun número cada vez maior de afectados. O plan da Xunta quedou en papel mollado. O centro de atención do Morrazo está desbordado. Deben intervir todas as Administracións para que non remate o apoio institucional e económico ás familias. Os recortes que se están a aplicar na lei de dependencia afectan a moitas persoas con enfermidades e deficiencias. Falamos de un recorte brutal do apoio económico. O apoio amósase non con aprobacións senón con accións. Que o centro do Morrazo poida contar co apoio da Deputación e da Xunta de Galicia. Un centro que hoxe atende ao dobre de persoas que hai uns anos. A declaración debe de ir acompañada de accións conxuntas de apoio.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que máis alá do recoñecemento á labor desempeñada por AFAMO para paliar as necesidades dos afectados, un goberno socialista puxo a andar a lei de

dependencia. Unha lei que implicaba ás Administracións. Con todos os atrancos, a lei non puido desenvolverse en condicións, haberá que rematala. Plantexaba o apoio económico ás familias. Hai que retomar a lei para que as familias teñan o apoio que precisan.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, afirma que AFAMO conta co apoio do Concello. Non solo apoio en palabras senón tamén apoio económico e na búsqueda das axudas necesarias. Cada vez hai un maior número de afectados. Hai que loitar para tratar de acadar as axudas necesarias.

O Sr. Alcalde agradece a labor de veciños, grupos e asociacións que axudan a afectados e familias.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a declaración de localidade solidaria co alzheimer presentada pola Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e queda aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

#### **4º.- DACIÓN DE CONTAS DE INFORMES DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2011 E CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.**

O Sr. Alcalde pregunta se alguén quere facer plantexar algunha cuestión.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que o BNG pronunciárase cando se presente a Conta Xeral.

#### **5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

O Sr. Alcalde lee a proposta ditaminada en Comisión Informativa:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR DIVERSAS FACTURAS.**

Preséntase a aprobación o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por diversas facturas, cunha relación que comeza por Pérez Pérez, Andrés por importe de 3.687,20 euros e remata por MADERAS COBRES S.L., por importe de 394,59 euros. A suma total da relación ascende a 7.937,85 euros. Os acordos a adoptar son os seguintes:

PROVEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE
PEREZ PEREZ, Andres	37	3210 63200	3.687,20
LUCAS TRABAJOS EN DECOR Y REF., S.L.	23/11	2310 21200	599,44
SILVAREIRA, S.L. ....	034/2009	1620 21000	1.392,00
HOTEL BIENESTAR MOAÑA, S.L. ....	20101658	3410 22601	300,00
MARC TAEGER .....	4-15	3320 22699	1.009,41
MADERAS COBRES, S.L. ....	F1 09007	3210 63200	446,32
MADERAS COBRES, S.L. ....	F1 10002	1710 21000	108,89
MADERAS COBRES, S.L. ....	F1 10016	1710 21000	394,59

Suma..... 7.937,85

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 20 de setembro de 2012 por defectos na tramitación administrativa seguida nos expedientes de gasto, toda

vez que os servizos foron efectivamente executados e o non recoñecemento das obrigas económicas por parte do Concello implicaría un enriquecemento inxusto do mesmo.

SEGUNDO.- Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas das relacións de facturas e gastos do Concello que figuran na relación que se presenta a Pleno, por importe total de 7.937,85 euros, imputando o gasto, polos importes que presenta cada factura, ás partidas do orzamento corrente que figuran no expediente e reflectidas como anexo.”

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, afirma que se trata de recoñecer facturas para que a contabilidade municipal non teña facturas pendentes de exercizos anteriores e que no 2013 non queden facturas facturas pendentes de outros exercizos.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE afirma que estamos a 27 de setembro do 2012. Levamos nove meses do 2012. Levan gobernando dende xullo de 2011, cuns orzamentos aprobados polo Goberno anterior, orzamentos que o actual Alcalde rompeu diante deste Pleno cando estaba no oposición. No PSOE vimos adoptando unha posición responsable, ca nosa abstención permitimos que o Concello puidera adherirse ao Plan estatal para pagar aos provedores, incluso cunha segunda tanda de facturas. Facendo todo o posible para que os provedores do Concello cobrasen. Pero isto non pode alargarse no tempo. En xuño xa avisamos, puxemos o punto final. Non apoiaremos ningún acordo de tipo económico sen orzamentos, que deberán recoller os recortes que o partido do Goberno aplica en Galicia e España.

O Sr. Freire sinala que os orzamentos do 2012 están prorrogados. En outubro agardamos traer un adianto dos orzamentos para o 2013.

O Sr. Pastoriza di que prorrogar os orzamentos é un mecanismo excepcional. Uns orzamentos feitos no 2010 cunha situación distinta en canto aos ingresos do Concello. Cada mes o Concello está endebedándose cen mil euros máis. Acabarán o ano con un millón douscentos mil euros en facturas por pagar. Non traían a Pleno máis asuntos económicos sen orzamentos. Estamos non noveno mes do 2012 e non se sabe nada dos orzamentos.

O Sr. Freire sinala que se lembra de que no 2010 a principios de ano dixeron que estaban prorrogados.

O Sr. Pastoriza responde que uns meses.

Rematadas as intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, quedando rexeitada, por sete votos a favor da proposta, dos Concelleiros do PP, e nove votos en contra, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE.

## **6º.- MODIFICACIÓN CRÉDITO 17/2012: CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2012, E APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS AO AMPARO DO RD-LEI 4/2012.**

O Sr. Alcalde lee a proposta:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que de acordo co Real Decreto Lei 4/2012, o Concello Pleno en data 30 de marzo, aprobou un Plan de Axuste no marco do RD Lei 4/2012, plan que foi valorado favorablemente pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas, autorizándose, en consecuencia a concertación da operación de endebedamento.

Visto que o amparo do Real Decreto Lei 4/2012, o Concello Pleno, en data 20 de xullo de 2012, aprobou a concertación dunha segunda operación especial de préstamo por importe de 283.455,82 €, formalizándose dita operación coa entidade Caixabank S.A.

Visto que con cargo á citada operación de préstamo abóanse: as obrigas pendentes de pago recollidas nas relacións iniciais remitidas pola Entidade Local ata o día 15 de marzo, e respecto das cales, nesta 2ª fase do procedemento, os contratistas a través do Concello, manifestaran a súa vontade de acollerse o procedemento do Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, así como as obrigas pendentes de pago que constan nos certificados individuais remitidos o Ministerio.

Tendo en conta que as obrigas pendentes de pago anteriores, son aquelas, que cumpren os requisitos sinalados no artigo 2 do Real Decreto Lei 4/2012, con independencia de que estean contabilizadas orzamentariamente, extraorzamentariamente, ou no seu caso, aínda cando non constaran reflexadas na contabilidade da Entidade Local sempre que a data do seu rexistro administrativo fose anterior o 01 de xaneiro de 2012.

Visto o documento Anexo, que acompaña a esta proposta, na que se relacionan as facturas pagadas no mecanismo do RD Lei 4/2012, e que nesta data están pendentes de imputar o orzamento, cuxo importe ascende a 96.425,57€.

Visto que o artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012, establece a obriga de que no caso de que a operación de endebedamento se destine, total ou parcialmente, á cobertura de obrigas que quedaron pendentes de aplicar o orzamento, estas deberán recoñecerse na súa totalidade no orzamento vixente para o 2012, con cargo o que corresponda do total financiado.

Visto que o anterior, e coa finalidade de poder imputar o orzamento as obrigas pendentes, faise precisa a modificación de créditos do Orzamento do Concello baixo as modalidades de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiadas coa operación especial de crédito de conformidade co artigo 10 do mencionado Real Decreto Lei 4/2012. Sendo a modificación de créditos e o recoñecemento extraxudicial o remate dunha serie de actuacións realizadas no marco do citado RD Lei 4/2012, que comezaron coa remisión da relación certificada das obrigas pendentes de pago.

Visto que con data 14 de setembro de 2012 emitiuse informe pola intervención municipal.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o órgano competente para á aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno. E visto que de conformidade co disposto no artigo 60.2 do RD 500/1990, o órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos é tamén o Pleno.

Visto o anterior, propónse a adopción polo Pleno do seguinte acordo.

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º17/2012, na modalidade de crédito extraordinario, por importe de 72.088,49€ para financiar a existencia de obrigas pendentes de aplicar o orzamento aboadas no mecanismo, o amparo do Real Decreto Lei 4/2012, baixo a modalidade de Crédito Extraordinario, financiado mediante unha operación de crédito de conformidade co artigo 10 do mencionado Real Decreto Lei 4/2012.

Sendo as aplicación que deben crearse no orzamento municipal para facer fronte as obrigas pendentes de aplicar o orzamento as relacionadas no *Anexo 1º*, co seguinte resume por capítulos:

#### Orzamento de gastos

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	MODIF. CRÉDITO C.E. 2/2012	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
VI	INVERSIÓNS REAIS	682.067,73	72.088,49	754.156,22

#### Orzamento de ingresos

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	MODIF. CRÉDITO C.E. 2/2012	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
IX	PASIVOS FINANCIROS	993.172,53	72.088,49	1.065.261,02

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º17/2012, na modalidade de Suplemento de crédito 2/2012, por importe de 24.337,08€ para financiar a existencia de obrigas pendentes de aplicar o orzamento aboadas no mecanismo, o amparo do Real Decreto Lei 4/2012, baixo a modalidade de Crédito Extraordinario, financiado mediante unha operación de crédito de conformidade co artigo 10 do mencionado Real Decreto Lei 4/2012.

Sendo as aplicación que deben dotarse no orzamento municipal para facer fronte as obrigas pendentes de aplicar o orzamento as relacionadas no *Anexo 2º*, co seguinte resume por capítulos:

#### Orzamento de gastos

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	MODIF. CRÉDITO S.C.. 1/2012	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	2.119.783,06	24.337,08	2.144.120,14

#### Orzamento de ingresos

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	MODIF. CRÉDITO S.C. 1/2012	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
IX	PASIVOS FINANCIROS	993.172,53	24.337,08	1.017.509,61

**TERCEIRO.** Expoñer este expediente o público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non presentaran reclamacións; en caso contrario, el Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**CUARTO.** Aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas pendentes de recoñecer e aboadas no mecanismo de pago a provedores do Real Decreto Lei 4/2012, por importe acumulado de 96.425,57€ co fin de dar cumprimento o establecido no artigo 10 do citado Real Decreto Lei 4/2012, de imputación o orzamento das obrigas pendentes de aplicar financiadas coa operación especial de endebedamento, concertada o amparo do citado Real Decreto, imputando o gasto, polos importes que presenta cada factura ás aplicacións do orzamento que figuran no expediente. Quedando dita aprobación supeditada a aprobación definitiva da modificación de crédito.”

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, sinala que se trata do recoñecemento de facturas pagadas no segundo préstamo ICO.

Non se suscitan outras intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta ditaminada en Comisión sobre modificación de crédito 17/2012: crédito extraordinario e suplemento de crédito 2/2012, e aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ao amparo do Rd-Lei 4/2012, quedando rexeitada por sete votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove votos en contra, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE.

### **7º.- MODIFICACIÓN CRÉDITO 19/2012: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE APLICACIÓNS PERTENCENTES A DIFERENTES ÁREAS DE GASTO.**

O Sr. Alcalde lee a proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que en data 14 de maio de 2012, o Concello Pleno aprobou a concertación dunha operación especial de préstamo por importe de 4.549.015,54€ e en data 20 de xullo, aprobou a concertación dunha segunda operación especial de préstamo por importe de 283.455,82€ o abeiro do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das Entidades Locais. Polo tanto, tendo en conta que o prazo das operacións de endebedamento son 10 anos con 2 de carencia, con liquidacións trimestrais.

Visto que na bolsa de vinculación grupo de función 0, capítulo 3 do orzamento do Concello de Moaña 2012, non existe consignación orzamentaria suficiente para atender o pago dos intereses imputables a este exercicio xerados pola operación proposta. Debe procederse de forma obrigatoria á aprobación polo órgano competente dunha modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito de Pleno (108.481,26€).

Por outra banda, visto que ano tras ano celebrase no Concello de Moaña a Liga ACT (Regata de Traineras) e a Bandeira Concello de Moaña de traíñas, tendo en conta que nesta data non existe crédito suficiente para a imputación dos gastos derivados da súa organización, faise precisa unha modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito para a imputación dos gastos derivados da súa organización (23.758€). Tendo en conta, ademais, que o Concello Pleno, sesión celebrada o 26 de abril de 2012, aprobou unha moción, na que se comprometía o apoio do Concello de Moaña á celebración das competicións de remo da Liga ACT e da Liga do Noroeste 2012.

Visto o anterior, e sendo preciso dotar crédito nas co obxecto de dar cobertura orzamentaria aos gastos derivados da organización da liga ACT 2012 e da Bandeira Concello de Moaña 2012 e os xuros derivados da operación de préstamo concertado o abeiro do Real Decreto Lei 4/2012, faise precisa a modificación de créditos do Orzamento do Concello baixo a modalidade de transferencia de créditos.

Visto que con data 21 de setembro de 2012 emitíuse informe pola intervención municipal.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 179.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o órgano competente para á aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno.

Visto o anterior, propónse a adopción polo Pleno do seguinte acordo.



## ACORDO

**PRIMEIRO.** Levantar o reparo emitido pola intervención municipal en informe de data 21 de setembro de 2012, por considerar preciso dotar crédito nas aplicacións receptoras co fin de dar cobertura os gastos anteriormente descritos e por non haber outras aplicacións de gastos con suficiente crédito dispoñible para transferir.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º19/2012, na modalidade de Transferencia de crédito 1/2012 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 132.239,26€.

De acordo co seguinte detalle:

### a) Partidas que ceden crédito.

Partida	Destino	Crédito a ceder
9120.48100	Gastos funcionamento grupos políticos	18.671,09
9430.46300	Transferencia á Mancomunidade do Morrazo	113.568,17

### b) Partidas que reciben crédito.

Partida	Destino	Crédito a recibir
3410.22619	Organización liga ACT e Bandeira Concello de Moaña	23.758,00
0110.31011	Intereses préstamo ICO FFPP	108.481,26

**TERCEIRO.** Expoñer este expediente o público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, sinala que solicitaron unha transferencia de crédito da Mancomunidade e dos gastos dos Grupos Políticos para contabilizar xuros do préstamo ICO e da liga ACT e da bandeira do Concello de Moaña,. Son as partidas que en realidade dispoñen de crédito.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que conven facer unha aclaración. O Goberno anterior prorrogou os orzamentos do 2009. Nunha situación distinta á actual. Partíamos de un orzamento de once millóns de euros. O orzamento do 2011 é de sete millóns e pico de euros.

O Sr. Freire sinala que a diferenza é pequena, o de 2011 é de oito millóns e pico de euros.

O Sr. Millán afirma responde que cos orzamentos do 2009 se podía, con sentido, e sen os mesmos ingresos. Podíase tirar ata o 2010. Pero cos orzamentos do 2011 non se podía tirar no 2012. Por iso están na situación que están. O do 2011 estaba axustado á realidade dos recortes, con ingresos e gastos axustados. Para iso non daba no 2012, cando o Goberno de Rajoy obrigou a concertar unha operación de crédito que devenga xuros por importe de douscentos cincuenta mil euros este ano. ¿Cómo van pagar os xuros?. Agora están xa na situación de que non poden pagar os xuros. Non teñen crédito. Puideron preparar os orzamentos. Falan de preparar agora os do 2013. Felicítámolo, que o asuman de unha vez. Pero o que non poden facer é vir agora e pedir, aos tres meses, que lles aprobemos unha transferencia de crédito. Pregunteilles antes das vacacións cómo ían pagar eses xuros. Alá vostedes. A situación que crearon no 2012 sen orzamentos é irresponsable. Non podemos asumir nós as irresponsabilidades deste Goberno. Respecto aos conceptos que se pretenden modificar, hai un informe de reparo da Intervención Municipal. O informe é duro porque ca modificación tocan créditos xa comprometidos, da Mancomunidade do Morrazo. Di que van detraer cantidades destinadas ao pago de lixo a pagar o crédito. Fondos destinados ao lixo non se poden detraer así como

así. Poden ou non pagalos, depende da situación da Tesourería, pero é un tremendo atrevemento dicir que non lle van pagar á Mancomunidade que pode perfectamente presentar unha alegación por romper o compromiso. O dos Grupos Políticos é secundario. Unicamente serve para sacar un titular na prensa. Os Grupos non cobran dende hai cinco anos. Non sexan populistas. Está moi ben que agora pidan á Oposición que faga o que vostedes non fixeron en maio. Falan na proposta da moción do BNG en abril. Pero a moción non solo dicía iso. Dicía que se instaba ao Goberno á sinatura dos convenios cas entidades retendo o crédito necesario para facer os pagamentos. Esa parte non a cumpriron. Deben dicirlle á Intervención de facer a retención de crédito para o pago das bandeiras. A 16 de agosto de este ano aínda non había problema para os pagos, na funcional había crédito suficiente para afrontar este gasto. O que non se pode é trasladar a responsabilidade das ineficiencias de quen goberna. O BNG non vai apoiar a modificación. É ilegal, afecta a intereses de terceiros, a Mancomunidade, ten informe de reparo da Intervención e é unha mostra de irresponsabilidade e nefasta xestión deste Goberno, por moito que se intente ocultar. Comprometéronse a pagar, deberon valorar cómo afrontar ese gasto, e non pasando a nós a pataca quente e dicindo aos clubs de quen é a culpa de que non se pague. Non presentaron os orzamentos, aínda poden, así poderían resolver estes problemas.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que cabe reiterar o xa dito. Non podemos deixar de ser consecuentes. Animamos a Meira e Tirán para organizar as bandeiras. Co informe positivo da Intervención poderían cobrar. Non podemos autorizar movementos de partidas con ese reparo cando se puideron facer con tempo suficiente. A Interventora fala da responsabilidade en que poden incurrir. Sogama está detrás, saben cómo as gasta. Fagan os orzamentos ca inclusión das partidas de crédito necesarias para os clubs de remo.

O Sr. Santomé, Concelleiro Delegado de Deportes, afirma que Millán ten unha gran facilidade para enganar a todos. Di que en agosto se puido ter feito. O que descoñeces é que en Moaña non solo hai remo, hai outras entidades que tamén necesitan dos Orzamentos. Limitas todo ao remo. Hai que apoiar a todo o deporte. Pode que as partidas destinadas ao deporte sexan escasas. Quedamos en apoiar a moción e agora non queres pagar. Se queredes que haxa deporte hai que ser consecuentes, dicir que sí e non votalo abaixo. Igual habería que habelo dividido pero agora digan expresamente que non se lles pague.

O Sr. Millán di que no mes de abril dicía o Sr. Santomé que non ía pagar as bandeiras. Por iso presentamos a moción. Dicialo na prensa. O NMG presentou unha moción detallada. ¿Van seguir así tres anos?. ¿Votándonos a culpa?. En abril había na funcional crédito suficiente para reter o crédito da bandeira do Concello de Moaña, facer os convenios, os clubs presentarían as facturas e se lles pagaría. Aprobouse a moción e quedou na acta. En agosto urxindo que se adiantasen os cartos dicían que o arreglaría o Pleno. Había crédito. Os responsables entenderán que foi outra mostra de deixadez. Vostedes gobernan, responsabilícense. En vez de dicir que engano pregunte aos compañeiros quen lle di a verdade. Algo estrano ten que haber.

O Sr. Alcalde afirma que aínda estamos a tempo. O 4 de outubro comeza a campaña electoral. Temos a oportunidade de votar con responsabilidade para o pobo de Moaña. Temos un voto útil que podemos utilizar, con sentido común. Nós non creamos esta situación. Cando accedimos ao Goberno o Concello rondaba os vinte millóns de euros de débeda. Cando o Concelleiro de Facenda valorou a situación na que estaba o Concello cortábanos a luz. Os empresarios estaban na porta a cobrar. Unha situación complicada. Todos os Grupos Políticos colaboramos niso. Pero estamos aquí para axudar aos veciños a arreglar a situación. Eliminamos as exclusivas, o soldo do Alcalde. Tentando pagar máis de seis millóns de euros ás empresas. Grazas ao goberno de Rajoy, moitas empresas puideron cobrar. Eliminamos o asesor do Alcalde. Ao mesmo tempo facemos un esforzo pagando. Á herdanza é a que é. mirei de onde podíamos sacar cartos para pagar ao remo. É interesante que os Grupos non cobren e o deporte poida seguir funcionando. Como di o Concelleiro de Deportes, hai moitos clubs en Moaña. Apostamos polo remo. Á Mancomunidade débémolles cinco millóns de euros. Non é froito de un goberno irresponsable senón da irresponsabilidade da Mancomunidade e do Concello. Eu

tamén estou preocupado pola Mancomunidade. Cando deixedes de pagar deixarán de recoller. No 2010 non lles pagaches un céntimo, nin no 2011. No 2012 pagueille trinta e sete mil catrocentos noventa euros. O ano aínda non rematou. Temos recoñecido para pagarlle douscentos sesenta e seis mil euros. Se conseguimos os cartos pagariamos máis do que vostedes pagaron dende o 2005. Os cinco millóns foi do que foi. Podemos seguir a apoiar ao deporte. Vós non garantistes que se seguise a recoller o lixo. Pagamos seis millóns de euros ás empresas. Eses cartos pagados temos que devolvelos con xuros. Non facemos dano recorrendo aos cartos da Mancomunidade. Voten o que queiran pero voten con responsabilidade. Non paralicen a actividade deportiva por capricho político. Utilizamos o sentido común para axudar aos veciños de Moaña. Un Goberno en minoría, si, pero que traballa. Estamos a tratar de eliminar alugueres, aforrando cartos. Sei que non os vou convencer, pero pensen o seu voto. Que o pobo de Moaña se mova. Sei que os presidentes sacaron cartos da súa casa, están pendentes de nós. Temos un voto cada un de nós e non nos custa nada votar isto.

O Sr. Millán di que, en primeiro lugar, un Alcalde coma vostede reducindo exclusivas foi capaz de aforrar un millón de euros o ano pasado. Asombroso. Co seu salario e o seu móvil foi quen de aforrar un millón de euros e de pagar seis millóns de euros. Fíxoo el solo, o miragre da boda de Canaan. Vai deixar pobre aos clubs de remo por incompetente e por falta de previsión. Algo non casa. Na aceptación do plan Rajoy algo terá que ver esta Corporación. Dixémoslles hoxe que se acabou. O millón de euros quedou en facturas no caixón, sen aprobar. Facturas sen recoñecer, agora recoñecidas. O da Deputación ten tela. O PP privatizou o servizo e non pagou nin un euro. A cinco millóns de euros vai a débeda total, cun modificado de contrato. Non se puido poñer en funcionamento a planta de compostaxe. Son débedas súas. Pagouse ata o 2009, no 2010 non se pagou por falta de liquidez. Vostedes en quince meses pagaron unha factura da Mancomunidade. Prometen moito pero fagan algo. Non lles imos quitar máis as castañas do lume.

O Sr. Pastoriza afirma que se fala de cousas que non veñen ao caso, parece un mitin electoral. Primeiro punto, orzamentos. Segundo punto, informe positivo da Intervención. O demais, esquezan o noso apoio.

Rematada a quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta ditaminada en Comisión sobre quedando rexeitada por sete votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove votos en contra, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE.

## **8º.- APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA PREZO PÚBLICO ATENCIÓN Á INFANCIA-PROGRAMA AQUELAR.**

O Sr. Alcalde lee a proposta ditaminada en Comisión:

### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANZA DO PROGRAMA AQUELAR**

De acordo co exposto na Providencia da Alcaldía de data 7 de agosto de 2012, é vontade da Corporación a prestación de un servizo de atención á infancia dentro do denominado “Programa Aquelar” que se levará a cabo nas instalacións da ludoteca municipal.

Tendo en conta que a actividade a prestar pode ser financiado mediante o establecemento dun prezo público, o que require a aprobación da correspondente ordenanza reguladora.

Á vista do informe emitido pola responsable do CIM encargada da xestión do programa nas que se describen as condicións nas que se prestará o servizo.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría e Intervención Municipal respecto do texto da ordenanza, de datas 20 e 21 de setembro de 2012.

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de atención á infancia do programa Aquelar, nos termos expostos.

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncio e texto da modificación no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

(ANEXO)

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO CORRESPONDENTE Ó SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO PROGRAMA AQUELAR**

### Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas no capítulo VI do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de conformidade co establecido nos artigos 15 e seguintes do referido texto legal, o municipio de Moaña, acorda a imposición dun PREZO PÚBLICO pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia: PROGRAMA AQUELAR que se rexirá pola presente ordenanza.

### Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible do prezo público a estancia ou asistencia dos/as usuarios/as de entre 4 meses e 3 anos aos servizos do Punto de Atención á Infancia AQUELAR de este Municipio.

### Artigo 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados solidariamente ao pagamento das cantidades que se establecen, en calidade de contribuínte, os pais/nais ou titores legais dos nenos/as en situación de alta no PROGRAMA AQUELAR.

### Artigo 4º.- COTA TRIBUTARIA

O prezo público, de acordo co estudo de custes incorporado ó expte de aprobación da presente ordenanza, que se debe pagar ao Concello polo disfrute dos servizos do programa AQUELAR axustaránse as seguintes tarifas:

prezo/hora (solta): 2,50€

Bono 20h:46€ (2,30euros/h)

Bono 40h:90€ (2,25euros/h)

Bono 80h:174€ (2,175euros/h)

Os bonos así establecidos non terán data de caducidade.

### Artigo 5º.- DEVENGO E XESTIÓN DO PAGAMENTO

A obrigación do pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo, para estes efectos, o interesado deberá presentar a pertinente instancia no Rexistro do Concello de Moaña dirixida ó responsable da xestión do programa,xunto coa achegará a seguinte documentación:

#### DOCUMENTACION NECESARIA PARA REALIZAR A SOLICITUDE DE INSCRICION

- 1.- Instancia
- 2.- Certificado de empadramento no Concello de Moaña
- 3.- Fotocopia do libro de familia
- 4.- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor legal.

#### DOCUMENTACION NECESARIA PARA A FORMALIZACION DA MATRICULA DO PROGRAMA AQUELAR

- 1.- Documento de aceptación de matrícula e autorizacións.
- 2.- Certificado médico do neno/a conforme está san e non ten enfermidade infecto-contaxiosa.
- 3.- Fotocopia cartilla de vacinación.
- 4.- 2 fotografías tamaño carné

O responsable da xestión do programa emitirá o oportuno informe con carácter previo á Resolución da Alcaldía de alta como usuario do servizo(ou de denegación daquela), na que se indicará o importe do prezo público a aboar, que será notificada ó interesado.

O prezo público deberá facerse efectivo, en calidade de depósito previo, na Recadación Municipal ou nas entidades bancarias colaboradoras deste concello.

No impreso do ingreso deberá constar como ordenante o nai/pai ou titor legal e como concepto "AQUELAR", e a identificación do neno/a ,xunto co importe correspondente ao abono.

O xustificante do ingreso xunto coa Resolución da Alcaldía, darán acceso ó interesado ó servizo, que se prestará non termos recollidos naquela.

Cando por causas non imputables ó interesado, non se chegue a prestar o servizo, procederá a devolución do prezo aboadado.

#### Artigo 6º.- REGULACIÓN SUPLETORIA

En todo o non disposto na presente ordenanza aplicarase a regulación contida na Lei 58/2003, Xeral tributaria, de 17 de decembro e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### DISPOSICION ÚLTIMA

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse unha vez publicada e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor mentras non se acorde a súa derogación ou modificación.”

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, sinala que como xa dixeron en Comisión Informativa, apostan polo Programa Aquelar. Antes de tomar a decisión de esixir unha cota fixemos unha enquisa entre as familias. Entenderon a situación. Reiterar que o Programa Aquelar non presta

un servizo de gardería nin pretende facerlle competencia. É un programa de conciliación familiar. Tampouco compete en horarios. Do que se trata é que os pais poidan dispoñer de un par de horas. Presentamos a ordenanza cos informes. Agardamos que se aprobe para que se poida prestar o servizo canto antes.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, di que o BNG rexeitou no anterior Pleno a proposta de ordenanza. Non estaba en condicións de ser tramitada. Naquel momento solicitamos a tramitación dunha ordenanza reguladora para saber cómo se vai prestar o servizo e coñecer o seu custo real. Pedímolles a tramitación dese regulamento. Pedimos tamén un estudo económico financeiro asinado por persoa competente. O estudo ven asinado polo Concelleiro. Entendemos que non é a persoa indicada para asinalo. O custo de persoal incluído no estudo vai referido á oferta de unha empresa privada, a empresa SENEX. ¿Cómo pode aprobarse o estudo económico en base á oferta presentada por unha empresa que non está contratada?. Non pode darse por sentado que se basee no que pide SENEX. É unha irregularidade que inviabiliza o estudo. Ademais, aparecen no expediente dous informes que dan o visto bo non din nada. Cando se puxo en marcha a ludoteca existíronnos un estudo económico financeiro establecendo que era un servizo público. Hai moi distintas varas de medir dependendo do alumno. Trátase de unha ordenanza tramitada de forma irregular. O BNG non vai obstaculizar a aprobación inicial, pero condicionamos a apoio á aprobación definitiva á tramitación do regulamento do servizo. Que os veciños saiban que servizo se vai prestar. Eliminando as referencias do estudo económico á unha empresa. Por último, presentaremos a alegacións pertinentes para a súa aprobación. Que queden claras as condicións.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que estamos antes unha competencia impropia do Concello. Hai outra Administración que ostenta a competencia propia e debe levar a cabo a prestación do servizo. ¿Por qué debe asumir Moaña ese servizo?. Dito isto, quero reiterar o xa comentado respecto a irregularidade que supón a referencia á empresa. Deben rexer os principios de concorrència e competitividade. Os informes técnicos asinan os técnicos. Nós defendemos o que facemos. A única razón de que non atranquemos o servizo é a inesistencia de un servizo de gardería en Moaña. Usaremos o período de exposición pública para que as familias poidan facer un uso axeitado do servizo por un prezo axeitado.

A Sra. Maya afirma que a empresa non está contratada. O servizo non funciona nin pretende contratarse a esa empresa, farase un concurso. O estudo ten que facerse en base a algo.

O Sr. Pastoriza sinala que na folla de inscrición consta o logotipo da empresa.

A Sra. Maya pregunta se iso implica que esa empresa vai prestar o servizo. Son gañas de buscar tres pes ao gato. Buscar cousas onde non as hai. Non é un servizo de gardería. Se utilizará crédito de emerxencia social. O Programa Aquelar xa estaba asentado. Sábese que servizo se vai prestar.

O Sr. Pastoriza di que na ordenanza anterior había unha dedución do 10%. Dixo que quería melloralala. Non aparece.

A Sra. Maya responde que co informe de Servizos Sociais poderase asumir.

O Sr. Millán afirma que a aparición dese papel compromete. Non poderá presentarse á licitación ou terá que cambiar de nome. En caso contrario de gañar esa empresa, estará exposta a que outra empresa poida impugnalalo. Non entendo cómo o prezo do servizo ten que facelo unha empresa privada. Retiren iso na tramitación do expediente.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de aprobación inicial da ordenanza de prezo público de atención á infancia- Programa Aquelar, aprobándose por sete votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de atención á infancia do programa Aquelar, nos termos expostos.

**SEGUNDO.-** Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncio e texto da modificación no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial

da Provincia e diario provincial, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

## **9º.- RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DNA. Mª JESÚS PIÑEIRO MARTÍNEZ CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE PRESCRIPCIÓN DE DÉBEDAS DO CONCELLO.**

O Sr. Alcalde lee a proposta:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE PRESCRIPCIÓN DE DÉBEDAS DO CONCELLO**

En sesión ordinaria celebrada o 31 de maio de dous mil doce, o Pleno da Corporación acordou aprobar definitivamente o expediente de baixa de exercizos pechados por prescripción por cada unha das seguintes obrigas recoñecidas, ordes de pago e devolucións de ingresos indebidos pendentes de pagamento por esta entidade Local anteriores ao 1 de xaneiro de 2008, publicándose o acordo no BOP o día 17 de xullo de 2012.

Dna. Mª Jesús Piñeiro Martínez presenta recurso de reposición ante o Concello en data 23 de agosto do 2012 no que expón que figura na relación do expediente por un total de sete facturas de subministrados realizados entre os anos 2005 e 2007 que alcanzan un importe total de 5.354,86 euros, que ten reclamado o abono das facturas diante dos responsables municipais, sen que o Concello notificase nin o recoñecemento das obrigas, nin o inicio do expediente de prescripción, e sen que se tivese notificado polo Concello o recoñecemento das obrigas que marcaría o inicio do prazo de prescripción, polo que solicita que se lle recoñeza o dereito ao cobro dos servizos prestados e se manteña na contabilidade municipal as obrigas contraídas pendentes do seu abono.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 17 de setembro de dous mil doce, onde se conclúe que non procede a admisión do recurso de reposición presentado por Dna. Mª Jesús Piñeiro Martínez contra o acordo de aprobación definitiva do expediente de prescripción de débedas do Concello, por terse presentado fora do prazo previsto pola lei para a interposición do citado recurso.

Sendo competencia do Pleno a resolución dos recursos contra acordos aprobados polo mesmo.

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Inadmitir a trámite do recurso de reposición presentado por Dna. Mª Jesús Piñeiro Martínez contra o acordo de aprobación definitiva do expediente de prescripción de débedas do Concello, por terse presentado fora do prazo previsto pola lei para a interposición do citado recurso.  
SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.”

O Sr. Millán, Concelleiro do BNG, sinala que o seu Grupo como xa manifestou, votará en contra desta proposta. Á marxe de consideracións formais, está o fondo do recurso presentado, que coincide cas argumentacións formuladas polo BNG na aprobación definitiva do expediente de prescripción. Un expediente tramitado de maneira irregular, sen dar ocasión de defenderse aos afectados e incumprindo a Lei Tributaria. Todo o expediente de prescripción incorre en vicio de nulidade. Frente a este feito, preséntase unha cuestión formal pola presentación do recurso fora de prazo. Entendemos que prevalece a cuestión de fondo deste asunto e o dereito de acreedor a cobrar. Votaremos en contra da proposta.

O Sr. Pastoriza, Concelleiro Delegado do PSG-PSOE, sinala que a proposta baséase nun informe da Secretaría Municipal que non entra a discutir se as facturas están ben ou mal reclamadas. Solo valora a data na que se presentou a reclamación. No momento en que votou a andar o expediente non cuestionamos o procedemento que trasladou o deber de reclamar dos afectados. A discusión versaba sobre a comunicación aos afectados pola prescripción. É probable que isto non remate aquí. Ímonos abster para non contrariar o informe. No fondo entendemos que a reclamación é lícita.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía sobre o recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva do expediente de prescripción de débedas do Concello, prodúcese empate na votación, por sete votos a favor da proposta, dos Concelleiros do PP, dúas abstencións, dos Concelleiros do PSG-PSOE, e sete votos en contra, dos Concelleiros do BNG. Sometida a proposta novamente a votación queda aprobada por sete votos a favor da proposta, dos Concelleiros do PP e co voto de calidade do Sr. Alcalde, dúas abstencións, dos Concelleiros do PSG-PSOE, e sete votos en contra, dos Concelleiros do BNG, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Inadmitir a trámite do recurso de reposición presentado por Dna. M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Martínez contra o acordo de aprobación definitiva do expediente de prescripción de débedas do Concello, por terse presentado fora do prazo previsto pola lei para a interposición do citado recurso.  
SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DAS RESTRICIÓN DO PLAN PREPARA PREVISTO NO REAL DECRETO LEI 23/2012.**

O Sr. Pastoriza, Voceiro do Grupo Municipal do PSG-PSOE, afirma que no paquete de medidas que se apuntaron, houbo uns grupos claramente damnificados. Un deles, claramente, é o grupo de parados, cualificados coma vagos, identificando como tal a funcionarios e parados. Modificáronse os termos das axudas, persoas de familias con todos os membros en paro ou persoas ás que non resulta sinxelo atopar un traballo.

Seguidamente o Sr. Pastoriza da lectura á moción do seu Grupo:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE MOAÑA, PARA INSTAR Ó GOBERNO DE ESPAÑA A MODIFICAR AS RESTRICIÓN INTRODUCIDAS Ó PLAN PREPARA NO REAL DECRETO-LEI 23 / 2012, DE 24 DE AGOSTO DIRIXIDO ÁS PERSOAS QUE ESGOTEN A SÚA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO.**

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O paro é o principal problema dos españois. A actuación do Goberno agrava día a día este problema e as súas consecuencias mais negativas para os cidadáns. A última enquisa de poboación activa pon de manifesto o dramático aumento do desemprego, o incremento do número de parados de larga duración e o de fogares con tódolos seus membros no paro. A enquisa reflexa os aumentos do paro que xa mostraban as cifras desestacionalizadas dos meses de abril, maio, xuño e xullo do presente ano.



As políticas desenroladas polo goberno lonxe de atallar o problema do paro o agravan e cada nova previsión do goberno establece un novo récord de parados.

A reforma laboral, ó abaratar e facilitar o despido en tempos de crise, está provocando unha sangría insoportable en termos de emprego.

Os presupostos xerais do estado teñen significado un recorte drástico das políticas activas de emprego, especialmente as transferencias ás CCAA, con reducións de máis de 1.700 millóns de euros, un 54%. Estes recortes lévanse por diante as políticas de axuda ós desempregados na súa búsqueda de emprego, pois afectan ós programas de orientación, formación e recualificación. Todo elo en contra das recomendacións do Consello Europeo.

O Real Decreto - Lei 20/2012 , de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria de fomento da competitividade, cercena de forma descomunal a protección dos desempregados ó suprimir subsidios especiais para os maiores de 45 anos, ó elevar a idade de 52 a 55 anos, e expulsa da Renda Activa de Inserción a practicamente o 90% dos seus beneficiarios. Centos de miles de desempregados veranse sen protección algunha nos próximos meses.

As políticas do goberno están provocando a fractura social de España: máis paro, menos protección, menos dereitos, e contra toda recomendación comunitaria, menos políticas activas para fortalecer o emprego dos parados.

Neste contexto, o Goberno viuse obrigado pola presión popular a aprobar un Real – Decreto que prorroga a axuda dos 400 euros, pero con moitas restricións que fan que o Real Decreto non sexa unha prorroga do anterior programa PREPARA xa que deixa fora á inmensa maioría dos xoves, a tódolos parados de longa duración con un só fillo, a todo parado sen familia aínda que esté na indixencia. De igual forma, deixa fora os parados que tiveron contratos temporais e ás máis de 583.000 familias con todos os seus membros en paro que non reciben ningunha prestación.

Por iso a continuidade do programa **PREPARA**, tal como foi aprobado polo anterior Goberno socialista, é unha necesidade de primeiro orden.

Este programa mostrou claramente a súa eficacia e propiciou a mellora da empregabilidade de máis de 450.000 desempregados. Este programa apoiase nunha combinación de medidas activas de orientación, formación e recualificación ó tempo que facilita unha axuda de renda á persoa desempregada.

Non podemos permitir que o Plan **PREPARA** se desvirtúe nas circunstancias actuais, porque é a única fonte de subsistencia dos cidadáns que esgotan o desemprego e que non teñen nada máis que eses 400 € para poder vivir.

Diante desta situación, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

**Instar ó Goberno de España a que, con fin de garantir a transición o emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, anule as restricións introducidas ó Plan Prepara no Real Decreto – Lei 23/2012, do 24 de agosto, e prorrogue o Real Decreto – Lei 1/2011, de 11 de febreiro ata, o menos, o 15 de agosto de 2013.”**

Finalmente o Sr. Pastoriza pide o apoio da Corporación. Os cambios introducidos nas axudas van causar moita dor.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, di que a prórroga non discrimina de ningunha forma pola idade dos solicitantes senón que prioriza a protección dos que teñen cargas familiares elevando a trescentos euros a axuda a quen ademais do cónxuxe teña alomenos a tres fillos ao seu cargo. O único que fai o goberno actual é corrixir un agravio comparativo. Os catrocentos euros non se negan a ninguén que viva cos seus pais porque si, négase a parados que vivan con pais con ingresos altos en función da mesma fórmula que determinou o executivo socialista no 2011. Ningún parado con rendas superiores ao 75% do IPREM puido recibir nunca catrocentos euros. Se vive co cónxuxe e fillos faise unha media entre o total de ingresos de forma que se a media per cápita supera o 75% do IPREM o solicitante non pode acceder a el. Este é o sistema que instaurou o goberno de Zapatero e non se modificou dende o 2011. O sistema estebalece que o soldo dun fillo podía impedir a un parado recibir os catrocentos euros pero ata o de agora non se tivera en conta a quen vivía cuns pais con ingresos solventes. Non se inclúe aos avós nin a outros familiares como se explicou claramente na roda de prensa e o BOE o recalca.

O Sr. Pastoriza di que fala de priorizar cando do que se trata é de restrinxir. Falaremos en tres meses.

Non se suscitan máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do PSG-PSOE para instar ó Goberno de España a modificar as restricións introducidas ó plan prepara no Real Decreto-Lei 23 / 2012, de 24 de agosto dirixido ás persoas que esgoten a súa prestación por desemprego aprobándose polo resultado de nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e sete votos en contra, dos Concelleiros do PP, co seguinte acordo:

- Instar ó Goberno de España a que, con fin de garantir a transición o emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, anule as restricións introducidas ó Plan Prepara no Real Decreto - Lei 23/2012, do 24 de agosto, e prorrogue o Real Decreto - Lei 1/2011, de 11 de febreiro ata, o menos, o 15 de agosto de 2013.

#### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA AO MANIFESTO “DECIDIR FAINOS LIBRES”.**

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, sinala que o 4 de agosto constituíse en Galicia a Plataforma co obxecto de As mulleres somos maioría na Corporación e non podemos permitir que o que outras mulleres conseguiron ao longo da democracia se parta agora motivado pola crise. O mantemento da lei de aborto cubre as casuísticas na defensa dos dereitos das mulleres que deciden interrromper o embarazo. Sería un paso atrás. Reivindicamos os dereitos conseguidos.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, afirma que a lei actual, aprobada no 2010 aprobouse sen consenso. O PP vai cumprir o seu compromiso electoral, un partido que contou con maioría nas urnas, a xente sabía o que votaba. Trátase de unha reforma lexislativa parcial. A modificación faise por sentido común. Se unha nena de dezaseis ou dezasete anos para por un piercing ou unha tatuaxe precisa do consentimento dos pais, canto máis no caso dun aborto, que pode ter consecuencias psicolóxicas e incluso físicas. Moitas das mulleres somos máis. Como mai gustaría axudar a decidir á miña filla nun caso de aborto. Non se trata de facer ningún recorte. Sentido común, pídese o cosentimento dos pais.

A Sra. Freire di que hai cuestión de trasfondo. O PP non goberna pensando na maioría dos cidadáns. Falan de organismos consultivos, poderían ver o que o Consello Consultivo ditaminou respecto do recurso que o PP presentou no seu momento respecto da lei, recurso desestimado. A Lei aprobada pónenos á altura dos resto dos países de Europa. O PP di que se quere equiparar a Europa sobre cuestións económicas, pero non nestes dereitos e liberdades das mulleres, nas que dan pasos atrás. É unha cuestión ideolóxica. A igrexa católica quere ditar as directrices políticas dos grupos políticos.

Que se presenten ás eleccións como calquera outro partido. Basta xa de poñer o rosario nos nosos ovarios.

A Sra. Maya sinala que dous de cada tres países da Unión Europea esixe unha causa xustificada para practicar un aborto. A lei do 2010 non esixe ningunha. Eso de que nos equipara á Unión Europea... Marta, que vexas un trasfondo é a túa interpretación. Reitero a miña idea como nai, muller e neste caso como política, sen que ninguén teña que vir por detrás a dicirme o que teño que facer.

A Sra. Freire di que teñen posturas diferentes. Como muller e como nai o día de mañá quere ter a seguridade e o dereito a decidir por si mesma, sen que ninguén decida por min.

Rematada a quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre proposta de adhesión do Concello de moaña ao manifesto “decidir fainos libres” aprobándose polo resultado de nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e sete votos en contra, dos Concelleiros do PP, co seguinte texto e acordo:

**“O Grupo Municipal Socialista**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ante a intención manifestada do actual Goberno de España de reformar a lei 2/2010 Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, en termos claramente restritivos e de eliminación de dereitos, mais de 140 organizacións de mulleres, colectivos en defensa da sanidade e entidades sociais, uníronse baixo o manifesto “Decidir fainos libres” que aposta claramente polo dereito das mulleres a decidir libremente sobre a interrupción do seu embarazo como parte fundamental dos Dereitos Humanos das Mulleres, porque o exercicio deste dereito non pode ser regulado polo Código Penal.

Unha vez mais o Goberno do PP, ante a ineficacia da súa política económica, optou por aplicar a súa política ideolóxica mais conservadora, recortando os dereitos das mulleres. Unha perda de dereitos que supoñería un risco para a saúde e a vida das mulleres, omitindo a obrigaición do Estado de acordo á normativa europea e internacional, de referendar a protección e seguridade xurídica en materia de dereitos sexuais e reprodutivos.

O dereito a decidir das mulleres sobre os seus corpos e as súas vidas está enfrontado co prototipo de feminidade que discrimina ás mulleres e que pretende impoñer o Goberno con esta anunciada reforma.

Con esta **moción** seguimos as recentes recomendacións que Nacións Unidas realizou a España, con ocasión da revisión do cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais, e Culturais (PIDESC), onde reconece os dereitos o traballo, educación, seguridade social e o dereito a garantir o mais alto nivel posible de saúde, incluíndo a saúde mental, sexual e reprodutiva, sen discriminación algunha. Nelas Nacións Unidas recomenda o noso Estado/España garantir a plena aplicación da Lei Órganica 2/2010 de 3 de marzo de 2010 en todo o territorio nacional e a adopción dun procedemento básico común a tódalas comunidades para garantir un acceso equitativo á interrupción voluntaria do embarazo; para asegurar que o exercicio da obxección de conciencia por parte de médicos e de outros membros do persoal sanitario, non constituía un obstáculo para as mulleres que queiran poñer fin a un embarazo.

Diante desta situación, o Grupo Municipal Socialista do concello de Moaña presenta para a súa aprobación en pleno os seguintes acordos:

Este concello únese ó manifesto “DECIDIR FAINOS LIBRES” elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos que agrupa a mais de 140 organizacións sociais e de

mulleres. E promoverá activamente, a través dos medios de comunicación locais e con actividades, su difusión.

Este concello esixe o Goberno da Nación o mantemento da lei 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, así como a garantía de que as mulleres poidan exercer o seu dereito a interrupción voluntaria do embarazo.”

## **12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á FLOTA GALEGA EN MAURITANIA.**

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que na última lexislatura 2009-2012, as cousas da pesca ían mal. A política pesqueira rematou ca vida de duascenas dez embarcacións. Unha política baseada no desgüace. Mil setecentos postos directos desmantelados, oito mil postos indirectos. Un panorama terrorífico. No caladeiro de Mauritania asínase un novo acordo e a nosa frota de vintecatro arrastreiros e mandado ao desguace, levando á rúa a catrocentos mariñeiros. Hai que engadir un punto cuarto á moción. Aínda onte, traballadores e empresarios pecháronse na Deputación pedindo medidas compensatorias. Levan amarrados dende o 31 de xullo sen axudas.

Seguidamente, o Sr. Rodas lee a moción:

### **“MOCIÓN DO B.N.G. PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS NA DEFENSA DA FLOTA PESQUEIRA GALEGA EXPULSADA DO CALADOIRO MAURITANO**

Dende o 31 de xullo a flota cefalopodeira galega que viña faenando no caladoiro mauritano en virtude do acordo pesqueiro suscrito coa Unión Europea, deberá abandonar esas augas sen ningunha alternativa de re-colocación.

Este acordo pesqueiro, renovado por última vez no ano 2006, permitiu daquela o acceso ao caladoiros mauritano de 39 cefalopodeiros galegos e catro italianos, se ben a introdución de novos e fraudulentos protocolos (inseridos no mesmo acordo) con criterios abertamente discriminatorios para Galiza, reduciron finalmene o número de buques con licenza de pesca aos actuais 24 galegos (15 menos dos iniciais), 4 italianos (os mesmos) e, con sorprendente novidade, a incorporación, en substitución dos buques galegos, de tres gregos e un portugués.

A UE introduciu, desde a sinatura do acordo, e de forma unilateral, unha serie de medidas restritivas para paulatinamente ir substituíndo a flota galega por flotas doutros países, como a holandesa, ou doutras comunidades, como a andaluza ou a canaria.

A responsabilidade da expulsión da flota galega (que non doutras flotas) deste caladoiro recae directamente na Unión Europea, máis tamén nos gobernos español e galego pola súa pasividade, inactividade, parálise e anquilosamento políticos. Non fixeron nada. Non existen razóns obxectivas que fundamenten esta decisión que condena ao desemprego a uns 400 mariñeiros e con fortísimas repercusións inducidas nos portos galegos de referencia.

As consecuencias económicas para as comarcas de Vigo e O Morrazo serán catastróficas, tanto no que ten a ver coa actividade derivada da pesca e cadea de comercialización dos cefalópodos, como na actividade económica local. A nosa actividade económica depende nun elevadísimo grado de pesca, e o amarre desta flota só se traduce en máis paro e máis crise na nosa comarca.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

## ACORDOS

- 1.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a realizar as xestións precisas para que o Parlamento Europeo, na súa capacidade de co-decisión, rexeite o acordo pesqueiro con Mauritania, obrigando así a que a Comisión Europea reinicie un novo proceso negociador que parta da necesidade de incluír no novo acordo á flota cefalopodeira galega. Con este obxectivo manteranse reunións específicas coas deputadas e deputados galegos no Parlamento Europeo.
- 2.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a demandar do Goberno español e da Comisión Europea o inicio dun novo proceso negociador con Mauritania que non discrimine á flota cefalopodeira galega.
- 3.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a iniciar conversas co Goberno de Mauritania con este mesmo obxectivo.
- 4.- Remitir este acordo a todas as deputadas e deputados galegos no Congreso dos Deputados.
- 5.- Remitir este acordo a todas as deputadas e deputados galegos no Parlamento Europeo.”

Finalmente, o Sr. Rodas engade que hai que engadir á moción un punto cuarto nos acordos, que diga: Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a articulación de medidas compensatorias (axudas) destinadas a tripulantes e casas armadoras afectadas pola expulsión da flota pesqueira de Mauritania causando efecto dende o 31 de xullo de 2012.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Promoción Económica, afirma que é un problema que lles preocupa. Aféctanos directamente. Estamos de acordo cos puntos primeiro e segundo. Respecto dos puntos quinto e sexto, a Xunta está a traballar para atopar unha solución ao problema. Respecto do punto terceiro, a Xunta debe poñerse de acordo ca Junta de Andalucía e co Goberno Canario para facer unha fronte común ante a UE.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que o trasfondo é claro. Galicia é unha rexión periférica dentro de un estado periférico. Ata hai poucos anos había un ministerio de pesca. Logo direccións xerais. Agora está todo disperso nun macroministerio. A única alternativa que plantexan é o desgüace cunha satisfacción económica para os afectados pero un sector tan importante para Galicia. O peso da flota galega no Estado é menor ca nunca. Ata o de agora non houbo reunións con persoas de peso na Unión Europea. Non solo somos europeos para o malo.

O Sr. Rodas di que na Xunta e no Estado goberna o PP. O acordo foi asinado a finais de xullo. A flota de arrastre alí era toda galega. A Conselleira tivo a oportunidade de presionar para que o convenio fora asumible por Galicia. A política pesqueira do Goberno leva os fondos europeos destinados a sufragar o desgüace. Non plantexan outra alternativa. Amarrados os barcos dende o 21 de xullo con medidas complementarias, ampliadas, e aínda non están. Fagan algo, exerzan o poder en beneficio dos cidadáns.

O Sr. Alcalde afirma que votarán a favor. Como goberna o PP en Galicia e no Estado, a ver se serve para algo.

Non hai máis intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a moción do BNG de apoio á flota galega en Mauritania, aprobándose, por unanimidade dos Concelleiros asistentes cos seguintes acordos:

- 1.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a realizar as xestións precisas para que o Parlamento Europeo, na súa capacidade de co-decisión, rexeite o acordo pesqueiro con Mauritania, obrigando así a que a Comisión Europea reinicie un novo proceso negociador que parta da necesidade de incluír no novo acordo á flota cefalopodeira galega. Con este obxectivo manteranse reunións específicas coas deputadas e deputados galegos no Parlamento Europeo.
- 2.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a demandar do Goberno español e da Comisión Europea o inicio dun novo proceso negociador con Mauritania que non discrimine á flota cefalopodeira galega.
- 3.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a iniciar conversas co Goberno de Mauritania con este mesmo obxectivo.

4.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a demandar do goberno do Estado a articulación de medidas compensatorias (axudas) destinadas a tripulantes e casas armadoras afectadas pola expulsión da flota pesqueira de Mauritania causando efecto dende o 31 de xullo de 2012.

5.- Remitir este acordo a todas as deputadas e deputados galegos no Congreso dos Deputados.

6.- Remitir este acordo a todas as deputadas e deputados galegos no Parlamento Europeo.

### **13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DE SUBIDA AO CAEIRO.**

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, afirma que consideran que a ampliación do camiño é necesaria e demandada polos veciños. Os anteriores gobernos municipais destináronse a mellorar a accesibilidade. Mellorouse o acceso ao Caeiro e a Quintáns. Tamén houbo acordo co propietario da vivenda que estorbaba. Mellorouse a zona. Tamén acadáronse acordos cos propietarios para a ampliación e mellora do camiño. Cesiós asinadas en Urbanismo. Teremos un vial de oito metros. Esiximos aos propietarios das cesións obrigatorias que as materialicen. Ca chegada do PP ao Goberno Municipal o cambio foi radical. Aínda non chegaron a acordos cos veciños para ampliar o camiño. Tampouco requiriron as cesións obrigatorias. Cando entraron paralizaron unha cesión na Moureira, ca terra aí acumulada. Non se fixo a cesión. Cando cheguen as choivas vai baixar o barro ata a Porta do Sol. Permiten obras ilegais na zona, sen licenza ou retranqueo. Non teñen idea de ampliar o Caeiro, solo votando un pouco de chapapote. Nin siquera falaron ca Xunta de Montes para mellorar a zona da curva da Fonte da Tella. Ante este abandono e deixación de funcións presentamos a seguinte moción. (O Sr. Piñeiro lee a moción presentada polo seu Grupo):

#### **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL B.N.G. PARA A AMPLIACIÓN DA ESTRADA DE SUBIDA AO CAEIRO**

Os anteriores gobernos municipais, entre as súas actuacións para a mellora da accesibilidade aos distintos barrios, adoptaron como proxecto prioritario a ampliación do camiño de acceso ao Caeiro. Este vial, que uno dous puntos da PO-551 atravesando toda a Moureira, dá servizo a un dos núcleos de poboación máis densos de Meira e ten un ancho medio entre 3 e 5 metros, con tramos especialmente perigosos para a circulación.

No ano 2007 mellorouse considerablemente o enlace entre o camiño fo Caeiro e a PO-551 na porta do Sol, para o que houbo que adquirir e derrubar unha vivenda, nos anos seguintes lograronse pequenas melloras no ancho do vial grazas ás cesións urbanísticas, ademias de lograr o acordo voluntario de diversos propietarios para a cesión de terreos ao obxecto de ampliar a totalidade da estrada.

O actual goberno municipal abandonou esta liña de actuación, despreocupándose de cesións obrigatorias xa comprometidas e que non foron materializadas por non esixilo o Concello, nun claro caso de deixación de funcións, e esquecendo incluso as cesións voluntarias comprometidas polo anterior goberno.

En marzo de 2012, o goberno municipal propuxo como actuación a incluír nas obras do Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM-2012), financiado polo Estado e a Consellería de Medio Rural e Do Mar, a pavimentación do camiño da subida ao Caeiro, actuación valorada en 43.729,12 €. Con esta decisión, demostraba a súa intención de non abordar as obras de ampliación da calzada e conformarse con botarlle enriba unha capa de chapapote para deixar todo como está.

Nin os veciños residentes na zona nin o B.N.G. están conformes con este tipo de actuacións que non resoven en absoluto os problemas do barrio e implican unicamente un despilfarro de diñeiro. Por esa

razón, o B.N.G. ten esixido publicamente e os veciños en diversas reunións co goberno local a redacción e execución dun proxecto serio que permita dotar ao barrio duns accesos en condicións.

Ante o silencio e o abandono por parte da Alcaldía, propoñemos á Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

- 1.- Instar a redacción por parte dos Servizos Técnicos municipais dun proxecto de ampliación e mellora dos accesos ao Caeiro, que contemple a dotación dun vial dun ancho medio entre 6 e 8 metros e a reposición de servizos e accesos a todos os lindantes que cedan voluntariamente.
- 2.- Instar a modificación da proposta de financiamento incluída no PEIM-2012, destinado á totalidade dos 74.680,38 € concedidos a unha 1ª fase da obra de ampliación dos accesos ao Caeiro e instar á Alcaldía a que xestione diante da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial as axudas necesarias para a execución integral do proxecto.
- 3.- Instar á Alcaldía e á Concellería de Urbanismo para que xestionen as cesións de terreos necesarias para a execución da aplicación: requirindo aos veciños pendentes de cesión obrigatoria para que materialicen os seus compromisos urbanísticos e poñan a disposición municipal os terreos que están usurpando e negociando cos demais veciños as cesións voluntarias que están dispostos a realizar.”

O Sr. González, Concelleiro Delegado de Servizos, afirma que o Sr. Piñeiro está obsesionado co Camiño do Caeiro. Non sei por qué non se preocupou antes. Tේñenos criticado por presentar mocións mal presentadas pero non podemos aprobar nós unha moción onde nos piden anchar o camiño seis ou oito metros. Haberá que ampliar segundo os aliñamentos do Plan Xeral. Tamén piden que cambiemos a proposta de financiamento do PEM. Díxosenos que era para asfaltado non para facer muros e agora non se podería cambiar. Entendo que Valentín esté preocupado. Polos investimentos que vostede fixo. Xa deixando o Plan E aparte, di que debemos instar á Deputación, cando vostedes rexeitaron da Deputación oitocentos mil euros. Estivemos cos veciños, dando pasos. Cando entramos no Goberno a primeira demanda para O Caeiro era tapar os buracos da estrada. O Sr. Piñeiro dixo que hai unha cesión asinada. Fixo unha medición topográfica dos terreos, pero a máis importante non a fixo. Fixemos a medición e conseguimos o compromiso do señor para facer a cesión. Vostede non o fixo. Tiveron unha época estruendosa para facer iso. Dentro das nosas posibilidades, limpamos, asfaltamos e abrimos unha pista, e seguimos a traballar niso. Nunca mentín aos veciños, o que non implica que queramos ampliar o camiño. Vostedes non fixeron nada. Temos orzamentos. Vostede non sabe nin o que custa facer o muro. No asfaltado faránse as reposicións das cesións. Imos asfaltar para o mes que entra. Vostedes tiñan que presentar unha moción en condicións.

O Sr. Piñeiro sinala que cando propoñen modificar a proposta económica falamos dos cartos que vostede incluíu no Camiño do Prado, de tres metros, ilegal, unha chapuzada que queren asfaltar. Falamos claramente. Hai tres expedientes de reposición da legalidade urbanística. Tres muros de contención ilegais. Non deben emplear un duro neste camiño. Cando dicía que falamos de seis a oito metros falamos con sentido común, aplicando a normativa. Hai puntos do camiño que non pode ser, hai casas. ¿Vai tirar cas casas?. Falamos con propiedade. Cando Urbanismo faga obras por importe de cinco millóns de euros falamos. A urbanización das Barxas fixérona vostedes. A Rúa da Canexa xa a fixemos a tres meses de chegar ao Goberno. Comprométanse cos veciños a ampliar o camiño. Non asfaltar, ampliar. Empecen a traballar. Que non se fagan obras ilegais. Que a Concelleira non o permita.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que o PSOE apoia a moción. Un vial en condicións para esa zona. Unha oportunidade que non se veía hai catro anos, . agora si co desenvolvemento urbanístico. Conseguir as cesións necesarias co esforzo do Concello e veciños. Con boa vontade pódese facer un vial en condicións. Co Plan E non había tempo para facer o proxecto e conseguir as

cesións. Adecentouse un vial e tapamos as canaletas para que os vehículos puidesen circular. Pode votar a andar. A cuestión do tráfico é recorrente, hai que buscarlle solución. Agora tócalle a vostedes.

O Sr. González di estar de acordo co Sr. Pastoriza. Non poño en dúbida que Valentín gastase máis de cinco millóns de euros. Puido deixar algo para este camiño. O compromiso é total para ensanchar O Caeiro. Non imos enganar a ninguén. Se podemos incluírémolo nos novos orzamentos. Estese tranquilo que a intención deste Goberno non é tiran unha casa.

O Sr. Piñeiro di que o compromiso ten que basearse en feitos, non en palabras. Comprométese como fixo na curva da Lomba, facendo muros ca Deputación. Ten fondos para investir. Esa empresa da Deputación pode facer aí un muro. Ten a valoración do que vale feita por Carballo. Ten un canteiro do Departamento de Servizos, un tractor... Fanno en dous días. O que hai é querer e traballar. ¿Qué topográfico fixo?. Non falaron con ninguén. Lamentable que ata para as cesións tivérades que mandar a un técnico a falar cos propietarios. Non interveñen cos protexidos do PP. Na Moureira, 224, hai unha garaxe construído en terreos públicos e non pasa nada. ¿Qué topográfico fixeron?. Manden cumprir e traballar á xente.

Rematada a quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG sobre a ampliación do camiño de subida ao Caeiro, aprobándose, polo resultado de nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e sete votos en contra, dos Concelleiros do PP, cos seguintes acordos:

1.- Instar a redacción por parte dos Servizos Técnicos municipais dun proxecto de ampliación e mellora dos accesos ao Caeiro, que contemple a dotación dun vial dun ancho medio entre 6 e 8 metros e a reposición de servizos e accesos a todos os lindantes que cedan voluntariamente.

2.- Instar a modificación da proposta de financiamento incluída no PEIM-2012, destinado á totalidade dos 74.680,38 € concedidos a unha 1ª fase da obra de ampliación dos accesos ao Caeiro e instar á Alcaldía a que xestione diante da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial as axudas necesarias para a execución integral do proxecto.

3.- Instar á Alcaldía e á Concellería de Urbanismo para que xestionen as cesións de terreos necesarias para a execución da aplicación: requirindo aos veciños pendentes de cesión obrigatoria para que materialicen os seus compromisos urbanísticos e poñan a disposición municipal os terreos que están usurpando e negociando cos demais veciños as cesións voluntarias que están dispostos a realizar.

#### **14º.- COMPARECENCIA DELEGADA DE URBANISMO.**

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que o Pleno da Corporación acordou por unanimidade no mes de xullo que no seguinte pleno ordinario da Corporación comparecese a Concelleira de Urbanismo para dar conta da marcha dos traballos de adaptación, corrección e refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Xa é a segunda comparecencia da Concelleira e a cuarta vez que traemos este asunto a Pleno. E non será a última por unha razón: mentres incumpra a promesa e obriga de convocar a Comisión de Seguimento do PXOM e se neguen a facilitar información á Comisión Informativa de Urbanismo, non temos máis remedio que solicitar a súa intervención en Pleno para informarnos. Levan uns quince meses sen mover un papel. Dado que en xullo aprobouse a comparecencia, agardamos que en setembro chegarían noticias de que se tería movido algún papel. Seguemos sen sabelo. Como me temo que será a regra xeral en moitas ocasións para explicar o que non fai, voume limitar a solicitar na miña primeira intervención que aclare os seguintes asuntos: Pimeiro, dixo na anterior comparecencia que ía ter reunións ca Secretaria Xeral de Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente e Xunta de Galicia para aclarar os extremos do informe de aprobación parcial e chegar a acordos con eses órganos sobre cómo encarrear a revisión do PXOM e acadar a aprobación definitiva co seu visto bo. ¿Qué reunións houbo, cando tiveron lugar, quen asistiu e a qué acordos chegaron ca Xunta de Galicia?. A segunda cuestión, esas reunións servirían para ilustrarse e coñecer as posicións da Xunta e explicar cales son as posicións do Goberno e técnicos



municipais e Secretaría Xeral de Urbanismo sobre os seguintes asuntos: acordos a que chegaron sobre o tratamento dos solos urbanizables delimitados e que foron suspendidos, o tratamento do solo cualificado coma solo urbanizable industrial, o Polígono da Cruz da Maceira, que foi invalidado na resolución de aprobación provisoria, o seu punto de vista e da Secretaría Xeral de Urbanismo, o punto de vista do Goberno Municipal e Xunta sobre o tratamento do solo urbanizable delimitado de Albariños, sobre os tramos de dominio público marítimo terrestre, cualificados no PXOM coma solo rústico de Costas, que a Secretaría Xeral de Urbanismo dicía que debía de ser cualificado coma solo urbano, se houbo algún acordo con Costas do Estado ou ca Secretaría Xeral de Urbanismo para que teñan un tratamento aceptable para esas dúas administracións, a Secretaría Xeral, que debe dar a aprobación definitiva e Costas que debe informar preceptivamente. Nese informe nos obrigaron a facer non o que queriamos facer, o que nos obrigaron a facer. A Xunta dixo en xullo que había que facer o contrario de Costas. Espero que a contradicción estea solucionada, quince meses despois, senón sería preocupante. Finalmente, neste grupo de preguntas, ¿qué acordos se tomaron para a adaptación do PXOM ao POL? Unha das cuestións máis importantes que deixou pendente a resolución de aprobación do PXOM de xullo do ano pasado. Que se nos explique con claridade a situación contractual con Arteplán S.A., ¿segue vixente o seu vínculo comercial ou se vai resolver o contrato?, ¿qué se vai facer co pago pendente, pago con xuros?. Arteplán reclamou esa cantidade cos seus xuros, e en caso de resposta negativa, ameazando con acudir ao xulgado. O Alcalde dixo na prensa que ese asunto da reclamación de Arteplán en setembro estaría arreglado. Quedan tres días. Que nos explique a situación contractual e da reclamación económica.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, di que por alusións a Valentín. Fala da miña xestión.

O Sr. Millán pregunta á Sr. Varela se non vai responder ao que preguntaron.

A Sra. Varela afirma que non se trata solo da cuestión do PXOM, falan da súa xestión realizada na súa área, non é solo o PXOM. Tamén están os expedientes de infracción urbanística. Baséome en números. Para que un expediente caduque debe transcorrer un ano dende o seu inicio. Valentín entrou no 2007. Do 2008 e do 2009 hai vinteun expedientes caducados, abertos polo Sr. Piñeiro. Do meu ano e pico de xestión hai dous expedientes caducados. Teño aquí copia. E di que non abro expedientes. O inspector de obras debe de gañarse o pan sen facer nada. Di que potencie o diálogo, agora reclaman diálogo, antes potenciaban as multas coercitivas. Tiñan que aplicar o diálogo antes para acadar as cesións. Non están conseguidas. Vostede solo conseguiu unha cesión aprobada en Xunta de Goberno. Sobre o PXOM, para os asistentes aquí que ao mellor non saben como naceu o PXOM, farei unha breve introducción. No 2001, contabamos cunhas Normas Subsidiarias, en Xunta de Goberno de 9 de abril do 2001 adxudícase a redacción do PXOM á empresa Arteplán Galicia. O Concello apróbao inicialmente o 29 de setembro do 2005. Catro anos despois. Posteriormente, apróbase provisionalmente polo Pleno en sesión de o 21 de maio do 2007. Dous anos. Pola orde de 6 de maio se acorda non outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral sinalando unha serie de deficiencias a correxir. O Pleno, en sesións de 14 de agosto de 2009, e cinco de agosto de 2010, aproban os documentos para a aprobación definitiva do PXOM cas correccións derivadas dos informes sectoriais. Istos son os antecedentes ata o 2011. Un traballo laborioso, tedioso e complicado, un traballo moi duro que levou case que unha década para obter unha aprobación parcial definitiva do Plan. O 13 de xullo de 2011 mediante a orde apróbase definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, con áreas en suspenso, correccións que hai que facer, levalo a Pleno e finalmente, mediante un texto refundido remitilo á Consellería para a súa aprobación total. ¿Cómo afronta o Goberno actual a aprobación parcial?. Á semana de anunciarse a Orde de aprobación, exactamente o 26 de xullo, ás once e media, o Alcalde, técnicos municipais, responsables da Xunta e eu reunímonos para buscar unha solución á aprobación definitiva. O 26 de agosto do 2011, ás nove da mañá, o Alcalde, os técnicos, Encarnación Rivas, Eduardo Sobrino e técnicos da Xunta e reunímonos para delimitar áreas en suspenso e plasmar as correccións nun mapa. Un veciño de a pe non entende o que di aquí. O 5 de outubro reunímonos ás 9 da mañá, técnicos municipais, técnicos da Xunta e eu nos

reunimos para mostrar a proposta da delimitación das áreas en suspenso aos técnicos da Xunta. O 28 de outubro, ás dez da mañá, tivemos unha reunión para entregar o mapa definitivo das áreas en suspenso. O 10 de novembro de 2011, Freijeiro, técnicos municipais e da Xunta, nos reunimos para valorar as modificacións a realizar nas áreas en suspenso e deixar aos técnicos que traballasen nelas. Ao saír deste reunión enterámonos da publicación da aprobación parcial do PXOM no BOP. O 16 de xuño do 2012 reunímonos técnicos municipais, técnicos da Xunta e eu, para aclarar as modificacións a realizar en solo urbano porque na Orde, xa coñecida por todos, fanse correccións, estrutura orgánica e do territorio e dotacións urbanísticas, correccións en solo urbano, solo urbanizable, en solo rústico. Correccións na normativa, correccións varias, no informe en materia de cosas, correccións a realizar no informe de adaptación ao Plan de Ordenación do Litoral. Na Orde do 2008 xa se fixeron correccións, correccións que non se seguiron e que lembran na orde de aprobación parcial, seguimos a caer nos mesmos erros. En vez de corrixilo o deixamos. A mesma corrección faise respecto de solo urbano consolidado. En solo urbanizable, punto un, tamén fai referencia á Orde do 2008 con correccións que se tiñan que ter feito. No informe en materia de Costas tamén hai referencia ao contido da Orde do 2008, e tampouco se lle fixo caso. Non se fixo caso ás ordes. Así estamos. O 31 de xullo do 2012, ás doce e media, os técnicos municipais, da Xunta e máis eu, reunímonos para comprobar as modificacións en solo urbano. Actualmente se está a traballar nas modificacións a realizar en solo urbanizable. Pendentes da reunión. A Xunta portouse moi ben. Vostedes pecaron de soberbios. Se vostedes se tivesen reunido ca Xunta non estaríamos agora debatindo sobre a aprobación parcial. Con isto respondo ás súas críticas de inactividade nos traballos do PXOM. Poderíamos acusarlles do mesmo. De falta de actividade. Votaron unha década para conseguir unha aprobación parcial. Din que Moaña conta cun documento iso é unha creación súa, en oito anos que estiveron aquí. Denunciando o que non fixeron ben. Corrixindo. Respecto das Comisións de Seguimento, dicir que os primeiros e terceiros martes de cada mes hai unha Comisión de Urbanismo na que se informa deo Urbanismo e se dan as explicacións pertinentes. Se ten preguntado e se ten informado. Son como Comisións de Seguimento. Se respondeu ao que se preguntou Sobre o POL. Tachan de ocorrencia, na moción que presentaron, que da adaptación se encarguen técnicos municipais. ¿Está o Concello para máis gastos?. ¿É pecata minuta trescentos mil euros que cobra unha empresa para facelo?. Un insulto ca que está a caer. Os técnicos municipais, ¿non son técnicos cualificados?. Ata os técnicos da Xunta se riron. Tanto os técnicos municipais como os de Arteplán son técnicos, aparelladores e arquitectos. ¿E din na moción que Moaña é demasiado pobre para ter un Plan Xeral?. Con isto de que queremos aforrar. O Goberno actual non está disposto a endebedar máis ao Concello, o que non quere dicir que non se siga a traballar no PXOM. O PXOM rematarase cos técnicos do Concello. Din que os traballos rematados supoñen un 90%. O dubido, hai que ter valor para dicir iso.

O Sr. Millán afirma que iso díxoo o Conselleiro.

A Sra. Varela responde que hai que ter valor. Nove follas de correccións. Vostede o dixo hai un momento. A conclusión é que quizais foron vostedes os que pecaron de inactividade. O de sacar as castañas do lume, que dixo antes, todo o que empezan non o acaban, temos que ser nós os que o temos que acabar. Expedientes de infracción sen resolver...

O Sr. Millán di lamentar que cada vez demóstrase máis o que se di por aí técnicos, promotores, constructores, veciños. Lamentable que compareza para contestar non o que se lle pregunte, senón ao que se lle ocorre, solo o que trae escrito. Non ten nin remota idea do que fala, non lle preguntei por iso, repetiu o que dixo hai dous meses. E cobra o mesmo ca min hai quince meses. Gañe o que cobra. Entérese do que fala. Fixenlle unhas preguntas, non contestou ningunha. Pregunteille que opin o Goberno Municipal sobre Albariños, van mantelos no Plan Xeral ou non?. ¿Qué lle di a Xunta?.

O Sr. González, Concelleiro do PP, afirma que a xente tamén di por aí que para que o PSOE vote co BNG teñen que votar a Valentín.

O Sr. Millán pregunta ao Sr. González que se di por aí del. Cambiou o guión, pensaba que ía repetir o mesmo de hai dous meses. Señora Concelleira, segue vostede sen contestar a nada do que se lle

preguntou. Constátase o que lle vimos dicindo. Que este Goberno Municipal e vostede como responsable directa, no asunto do Plan Xeral de Ordenación Municipal non está a mover nin un papel. Hai que agradecerlle que saibamos algo das reunións ca Xunta. Di que os técnicos da Xunta ríronse, eu tamén. Con nós non se divertían nada. Asegúrollo. Sra. Concelleira, a soberbia, a altanería, a ignorancia, van xuntas. Pon en cuestión o traballo realizado, en parte mínima, incluso por compañeiros do seu grupo político que participaron na tramitación aínda que agora o desprezan e non o recoñecen. E tamén participaron na súa tramitación. O PXOM de Moaña tivo unha tramitación exemplar. Na súa exposición pública, no coñecemento que tiveron os veciños sobre el, a tramitación administrativa, nos trámites ca Xunta. Conseguiuse un documento para a aprobación definitiva no 2010. En cinco anos. En Cangas, ¿cantos anos levan?, ¿en Bueu?, cantos votaron en Vigo? Redondela non hai nin un papel. Hai quince meses era o Plan Xeral máis avanzado na súa tramitación de toda a provincia Pontevedra e de toda costa de Galicia. Agora a Xunta e vostedes xa teñen a certeza de que o refundido para a súa aprobación non se vai aprobar nunca. Tomen o exemplo de Marín, agora aprobado parcialmente. Trouxeron aquí a Agustín Hernández e dixo que estaba aprobado ao 98%. Felicítounos do ben que o fixeron. Como vostede fai ca economía o miragre dos pans e os peixes, é normal que faga un Plan Xeral do 11 de xuño ao 13 de xullo. Cousas máis complicadas se levan feito. Segundo vostedes arreglaron todo. O do 98% foi a propaganda do PP. Qué bo é Agustín Hernández, qué boa a Secretaria Xeral de Urbanismo que nolo aprobou e qué bos xestores somos que conseguimos que nos aprobasen o 98% do Plan. Nós non fixemos nada. Pero é certo, o máis importante, o 90% está aprobado, ou o 80%. Anos de traballo. Verán como Marín en oito meses terá aprobado e Moaña seguirá como agora e a mesma Concelleira dicindo as mesmas cousas. As correccións aos plans levan iso, oito, dez meses. Por outra parte, Se a situación xurídica do Plan Xeral é a que é, non é responsabilidade destes Concelleiros senón de quen decidiu a publicación da aprobación parcial do Plan, de difícil comprensión en tantos puntos e que se mandou publicar entrando en vigor. Iso anulou as Normas Subsidiarias, e decidirono vostedes, a pesares de que llo advertimos. A situación de inseguridade xurídica coñécena todos os arquitectos de Moaña, os que queiran pedir en determinadas zonas quieran pedir licenza. Que os técnicos municipais expliquen cal é a situación. O primeiro incumprimento, quedouse en debater esas cuestións na Comisión. Alá vostedes. Responsabilidade de que entrase en vigor parcialmente é de quen asinou a publicación no BOP. A responsabilidade última. Respecto da adaptación ao POL, cómo non se ían rir os técnicos da Xunta, e iso que non lles contaron que das ofertas que lles mandaron pedir a Arteplán había unha había unha oferta de noventa e cinco mil euros. Iso non o saben. Non sabían aínda que o Concello de Cangas caba de contratar a adaptación do Plan Xeral ao POL por vinteun mil euros. Nin siquera lle determinaron o que tiñan que contratar. Coma no caso de Aquelar, queren contratar pero non saben qué. Arteplán trouxo propostas a esgalla. Non fixeron un estudo serio respecto das necesidades da adaptación. A nós danos igual, teñen que decidir vostedes a quen contratan a adaptación ao POL. Non vai ir a ningún porto. Non entenden a importancia do PXOM. Sinto dicilo. Probablemente con iso e outros toques de ilusionismo e fantasía chegarán a unha grande cantidade de moañeses. Certas cousas tráenos xa sen cuidado. Co tempo enteraránse. En conciencia sabemos do traballo que fixemos, perfectamente be, con dilixencia, o resultado está aí. Un documento para a súa aprobación en cinco anos, e que foi petardeado no último ano e medio por intervención directa do actual Alcalde diante do Director Xeral de Patrimonio, diante de Urbanismo da Xunta, dos que tiñan que emitir informe. Agora levamos quince meses sen mover un papel, sen que a Concelleira poida ensinarnos un papel. Todo o demais son contos.

A Sra. Varela afirma que o Concello de Vigo, cunha aprobación parcial definitiva, necesitou un ano e pico para a aprobación total. Non sei cal é o problema, estamos a traballar. Non lles vale que traballen os técnicos. Vostedes solo pensan en que o fagan soltando cartos, veña a soltar pasta. Os técnicos municipais poden facelo, son arquitectos e apareladores como os outros. Vostedes son os que non queren que se aprobe. Falamos de técnicos con titulación. Saben o que teñen que facer.

O Sr. Millán di que o Goberno traballe como queira. Pero fagan algo. En 15 meses non fixeron nada, ni cos técnicos propios nin con equipo redactor. non teñen un papel. Non pode amosar aquí nin unha mostra do seu traballo. Veñen aquí a contarnos contos, de que queremos pagar trescentos mil euros non sei a quen. Non non corresponde pagar a nós, téñeno que facer vostedes, teñen esa capacidade, exérganos. Non fan nada, coma no 90 % dos temas. Veñen aquí a contar trolas. Hai unha cousa que hai que contar. O BNG cando gobernou aplicou a normativa urbanística de cordo a criterios de estricteza legalidade. Mentres fai xogos de palabras sobre iso, o malestar da xente que se ve prexudicada pola inacción do Concello cada vez é maior e irá a máis. Antes podían enfadarse porque pensaran que o Concelleiro era demasiado ríxido. Agora saben que isto é un pobo do oeste, a lei faina o máis forte e fai o que lle da a gaña. Iso está entendéndoo a xente. A todo o mundo caducoulle un expediente pero os dous que lle caducaron a vostede serían os que abriu vostede. Dicirlle que se eses dous expedientes caducaron dos dez que abriu en quince meses, nos meses seguintes caducarán os demais.

A Sra. Varela di que a Valentín caducáronlle dezasete en dous anos.

O Sr. Millán afirma que á Sra. Varela, ademais de caducarlle eses dous caducáronlle todos os iniciados con anterioridade que non rematou, nos que non moveu un papel.

A Sra. Varela sinala que os expedientes caducan ao ano.

O Sr. Millán afirma que nunca compartiu pan ca Sra. Varela. Que non me chame compañeiro.

A Sra. Varela di que lle chamou caballero non compañeiro.

O Sr. Millán afirma que en quince meses abriu dezasete expedientes. Permitiu que se paralizaran actuacións urbanísticas anteriores, permitiu que se acumulasen sentenzas xudiciais favorables ao Concello sen mover un dedo. Permitiu que continuaran obras precintadas, con orde xudicial de precinto. Están a facerse actuacións urbanísticas en obras precintadas sobre as que o xuíz, logo da autoridade municipal, dixo que non poden seguir nun claro desacato. E vostede non fai nada. As multas coercitivas conseguidas en recursos xudiciais presentados polos interesados, deuse a razón ao Concello e non se move ningún. Esa é a realidade. No seu Departamento vívese moi bien, de maravilla. Sábese. É a imaxe que se está a dar.

## **15°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que no último pleno quedou unha resposta no aire. ¿En qué quedou a denuncia presentada no xulgado de Cangas contra Valentín Piñeiro por calumnias sobre o urbanismo en Moaña?. Quedou o Alcalde en preguntar ao seu avogado. ¿En qué quedou a denuncia?. Non temos noticias.

O Sr. Alcalde responde que cando teñan noticia remitiránlla.

O Sr. Millán afirma que hai silencios significativos. Alcalde, sexa cabaleiro e pida unha desculpa.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG sinala que daquela denunciara na prensa unhas obras. En vez de comprobar se era verdade o que fixeron foi ir a pasear.

O Sr. González afirma que faláron de familiares de Concelleiros do PP.

O Sr. Piñeiro di que non saben nin contestar. O Alcalde non tivo tempo nin de falar co avogado. Falei de familiares e amigos. Está aí.

O Sr. Alcalde afirma que a ignorancia é moi atrevida.

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vintedúas horas e trinta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**